

CCR/Ra/Ms/Ca



Data Rexistro: 12/01/2026 17:20:03
Nº Rexistro: 2026000026

SAIJA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 26 de decembro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Don Gregorio Luis Agís Gómez:

18.8569.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Grazas. Algunha outra pregunta?. Don Gregorio Agís, deputado socialista.

Sr. Agís Gómez.-Si, queremos saber cando dará comezo a obra anunciada polo presidente da senda entre o núcleo de Salceda-Entenza na EP-2505, en Salceda de Caselas.

E outra máis. Temos aquí hoxe os veciños de Pazos, e queremos preguntarlle cando se vai a reunir cos veciños de Pazos, co Concello de Pazos, tal e como se solicitou no Pleno, para avanzar nas seguintes fases da EP-2702, fases moi necesarias de un total de oito quilómetros.

Sr. Presidente.- Bueno eu aproveito aquí a presenza dos veciños de Pazos para darllos os bos días. Agradecer a presenza, nun ambiente cordial e tamén para trasladarlles que estamos a cumprir cos prazos que previamente xa manifestamos. Aínda non levamos, dous anos e medio do Goberno. Fomos os únicos que habilitamos un proxecto, consignamos orzamento concreto para que sexa unha realidade. Demos uns prazos no seu día e se están a cumprir. O dezasete de decembro, fai nove días, remataron, rematou o prazo para que as empresas presentaran as ofertas. Dous días despois, o dezanove houbo unha mesa de contratación e xa se abriron as ofertas, presentáronse sete empresas e agora pois está na fase de puntuación das memorias técnicas, algo que todos os que estamos en administracións pois é o procedemento. Polo tanto, o inicio das obras está máis pronto que tarde para chegar. Un inicio de obras, que eu xa o dixen en algunha ocasión, pero as máquinas podían estar traballando alí. Fai polo menos dous meses. Nós desde a Deputación enviamos un borrador de convenio o vinte e catro de abril do vinte e catro, e eso da firma do concello son o tres de outubro do ano vinte e catro. Pasaron case seis meses para que o concello fixera algo que outros concellos fan nunha semana ou nun mes. Así que eu creo que estamos no bo camiño, somos o único, o único Goberno que cumprimos co compromiso dado nuns prazos que son administrativamente longos, que nós sempre o dixemos e fixemos. Isto é aplicable a Pazos de



Borbén e aplicables a outros concellos, outros concellos que, insisto, se os concellos son rápidos na devolución do convenio pos se anda máis rápido. Eu pola miña parte era en relación a Pazos de Borbén, tres preguntas formuladas, non sei se hai algún rogo.

Sr. Presidente.- Ten a palabra o deputado para facer algún rogo ou pregunta. Cal é o rogo?.

Sr. Agís Gómez.- Si, a ver, a última pregunta que realicei era sobre a segunda fase, entendo que non contestou e logo as outras preguntas que fixo o meu grupo ¿se van a contestar in voce ou se van a contesta por escrito?.

Sr. Presidente.- Sempre contestamos por escrito.

Sr. Agís Gómez.- Bueno, pero hai que dicilo, entendo. E a pregunta...

Sr. Presidente.- Algunha... Eu sempre falei con vós e senón dende o partido, desde o Departamento de Infraestruturas. Sempre, sempre. E eu no das fases, sempre vos dixeran, así que neso se nos poderá achacar moitas cousas que, xa digo, levamos dous anos e medio, que aquí había gobernos de oito anos e non fixeron nada pola carretera, vai ser una realidade con este Goberno. Ben algunha, algunha pregunta, algunha pregunta ou algunha pregunta ou rogo máis? Bueno, pois non habendo ningunha, pregunta ningún rogo. Agradecer a vosa presenza desexar unhas felices festas e feliz aninovo. Moitas grazas, bo día.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Gregorio Luis Agís Gómez.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-



Preguntas efectuadas polo deputado do Grupo Provincial PSdeG-PSOE, Don Gregorio Luis Agís Gómez, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 26 de decembro de 2025:

1ª PREGUNTA:

Queremos saber cando dará comezo a obra anunciada polo presidente da senda entre o núcleo de Salceda – Entenza na EP-2505, en Salceda de Caselas

RESPOSTA:

A rede viaria provincial está a vivir unha transformación histórica, cun nivel de investimento e de mellora nunca antes acadado. Resulta cando menos chamativo que esta actuación non fose executada durante os oito anos de goberno socialista na Deputación, pese a ter tido tempo máis que suficiente para facelo. Hoxe hai unha nova forma de gobernar, baseada na planificación, na responsabilidade e na vontade real de mellorar as infraestruturas da provincia.

2ª PREGUNTA:

Temos aquí hoxe os veciños de Pazos, e queremos preguntarlle cando se vai a reunir cos veciños de Pazos, co Concello de Pazos, tal e como se solicitou no Pleno, para avanzar nas seguintes fases da EP-2702. Fases moi necesarias de un total de oito quilómetros.

RESPOSTA:

Esta cuestión xa foi abordada no Pleno ordinario do mes de xuño de 2025, no que se deu conta detallada do estado de tramitación da mellora da estrada provincial EP-2702. Non obstante, cómpre reiterar e contextualizar algúns extremos relevantes para que a veciñanza teña unha información completa e rigorosa.

Desde a chegada deste goberno provincial no ano 2023 púxose en marcha, por primeira vez, o procedemento administrativo necesario para executar a mellora da EP-2702. Así, unha vez recibido o proxecto técnico da actuación, inexistente ata ese momento, iniciáronse todos os trámites preceptivos que un investimento desta envergadura require.

Cómpre subliñar que o anterior goberno provincial non impulsara actuación algunha nesta infraestrutura. Foi este goberno quen activou o expediente desde cero, asumindo a complexidade técnica, xurídica e administrativa que comporta unha obra destas características.

O único atraso significativo no desenvolvemento do procedemento produciuse no marco da tramitación do convenio co Concello de Pazos de Borbén. O borrador do



convenio foi remitido ao Concello o 24 de abril de 2024 e non foi validado nin asinado ata o mes de outubro dese mesmo ano. Ata ese momento, a Deputación non podía continuar coa tramitación dos expedientes de expropiación e contratación, ao tratarse dun trámite imprescindible e previo. Se o Concello asinara antes o convenio, as máquinas xa levarían catro meses traballando.

Unha vez asinada a documentación polo Concello, este goberno provincial actuou con absoluta dilixencia. En poucos meses tramitouse o expediente expropiatorio completo —incluíndo a súa aprobación inicial e definitiva, a exposición pública, a resolución de alegacións, o levantamento das actas previas, os depósitos previos e a ocupación dos terreos— e aprobouse definitivamente o proxecto no mes de marzo de 2025. Paralelamente, fóronse realizando todos os informes técnicos, xurídicos e de Intervención necesarios, sen interrupcións nin dilacións innecesarias, tal e como reflicte no expediente .

Dando cumprimento aos prazos comprometidos, a primeira fase da actuación foi licitada no último trimestre de 2025 e, na actualidade, o procedemento de contratación avanza conforme ao calendario previsto, estando próxima a adxudicación do contrato de obras.

A Deputación mantén, ademais, unha actitude permanente de diálogo, escoita e colaboración tanto coa veciñanza de Pazos como co Concello, tamén no relativo ás demandas formuladas pola plataforma pola mellora da EP-2702. As persoas interesadas tiveron acceso continuo á información a través das canles institucionais e da asistencia aos plenos desta corporación, onde se vén dando conta pública da evolución do proxecto.

A vontade deste goberno provincial é continuar desenvolvendo progresivamente as seguintes fases da mellora da EP-2702, aplicando criterios técnicos, de seguridade viaria e de dispoñibilidade orzamentaria, do mesmo xeito que noutras estradas provinciais de similares características, sempre desde a transparencia, a responsabilidade e a comunicación fluída coa veciñanza e co Concello.

Asinado dixitalmente.

